

## MUROS QUE UNEN

### V Certame de murais arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

## BASES REGULADORAS

### 1. Obxectivo

O certame 'Muros que unen' é unha actividade de sensibilización promovida polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e financiada polo Concello da Coruña. A finalidade desta iniciativa é dar a coñecer, a través da arte urbana, os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible fixados por Nacións Unidas para rematar coa pobreza e as desigualdades, ao tempo que se fomenta o pensamento crítico e a participación cidadá na construción de cidades inclusivas.

Os ODS son 17 metas globais que os Estados membros da ONU adoptaron a finais de 2015 para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas no horizonte de 2030. Esta nova axenda do desenvolvemento abrangue temas coma o xénero, a saúde, a educación, o medio ambiente ou a paz. Todos os ODS entroncan dalgún xeito coas competencias locais, de aí que o papel dos municipios sexa clave para acadalos.

- **ODS 1:** Pórle fin á pobreza en todas as súas formas en todo o mundo.
- **ODS 2:** Pórle fin á fame, lograr a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sustentable.
- **ODS 3:** Garantir unha vida sa e promover o benestar para todas as persoas en todas as idades.
- **ODS 4:** Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas as persoas.
- **ODS 5:** Lograr a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e nenas.
- **ODS 6:** Garantir a dispoñibilidade de auga e a súa xestión sustentable e o saneamento para toda a poboación.
- **ODS 7:** Garantir o acceso a unha enerxía alcanzable, segura, sustentable e moderna para toda a poboación.
- **ODS 8:** Promover un crecemento económico sostido, inclusivo e sustentable, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as persoas.
- **ODS 9:** Construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sustentable e fomentar a innovación.
- **ODS 10:** Reducir a desigualdade en e entre os países.

- **ODS 11:** Lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sustentables.
- **ODS 12:** Garantir modalidades de consumo e produción sustentables.
- **ODS 13:** Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos.
- **ODS 14:** Conservar e utilizar de forma sustentable os océanos, os mares e os recursos mariños para o desenvolvemento sostible.
- **ODS 15:** Promover o uso sustentable dos ecosistemas terrestres, loitar contra a desertización, deter e inverter a degradación das terras e frear a perda da diversidade biolóxica.
- **ODS 16:** Promover sociedades pacíficas e inclusivas para o desenvolvemento sostible, facilitar o acceso á xustiza para todas as persoas e crear institucións eficaces, responsables e inclusivas a todos os niveis.
- **ODS 17:** Fortalecer os medios de execución e revitalizar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento Sostible.

+info: <http://un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible>

## 2. Participantes

Poderá presentarse calquera persoa ou colectivo cuxos integrantes superen a maioría de idade. En caso de empate, o xurado valorará a participación de artistas mulleres e artistas locais, entendendo como tal quen acredite nacemento ou residencia no municipio da Coruña.

Non poderán participar no concurso o persoal da Secretaría Técnica do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, nin as/os integrantes da Comisión Executiva do Fondo Galego nin as súas familias ata o segundo grao de parentesco. Esta restrición é aplicable ás persoas que compoñen o xurado. Tampouco poderán participar os gañadores de edicións anteriores.

## 3. Requisitos das obras

As obras presentadas terán como temática 1 dos seguintes ODS.

- **ODS 8:** Promover un crecemento económico sostido, inclusivo e sustentable, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as persoas.
- **ODS 9:** Construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sustentable e fomentar a innovación.
- **ODS 10:** Reducir a desigualdade en e entre os países.

Ofertarase 1 mural para cada un dos ODS, coas especificacións técnicas que se detallan no Anexo II.

Cada concursante poderá presentar un máximo de dúas propostas.

A técnica será libre, observando en todo momento as bases do certame.

As obras deberán ter en conta o público obxectivo ao que se dirixen: nenas e nenos de 3 a 12 anos.

Está previsto completar os murais nun máximo de cinco días de traballo, prazo aberto a negociación en función da complexidade das mesmas.

#### 4. Inscripción

As propostas enviaranse ao correo [comunicacion@fondogalego.gal](mailto:comunicacion@fondogalego.gal) canda a ficha de inscrición debidamente cuberta e a seguinte documentación:

- Copia do DNI de cada persoa que traballe na proposta.
- Proxecto de cada proposta presentada, que non poderá levar ningún elemento identificativo da súa autoría e que incluíra cando menos os seguintes puntos:
  - Bosquexo da obra.
  - Título e texto explicativo sobre a idea gráfica e a súa motivación.
  - Tempo de execución.
  - Relación de materiais necesarios: cantidade e tipo de pinturas, brochas, equipos de protección, estadas, elementos de limpeza e demais útiles que se precisen, co custo unitario e total de cada elemento e mais o orzamento global. A organización fornecerá os materiais ata un importe máximo de 700 euros.
  - Dossier con fotografías de traballos anteriores.

No caso de que a persoa participante desexe presentar o bosquexo da obra en formato físico, este deberá recibirse dentro do prazo establecido na sede oficial do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (Rúa Varsovia, 4C - 6º andar [Área Central] - 15703 Santiago de Compostela), por correo postal certificado ou mensaxería.

O prazo de solicitude para participar no certame estenderase do 7 de setembro ao 13 de outubro de 2022.

A persoa solicitante non poderá dar por formalizada a inscrición ata que reciba un correo electrónico confirmando a recepción por parte da Secretaría Técnica do Fondo Galego, a xeito de acuse de recibo.

As fichas cos datos persoais da/do concursante serán arquivadas pola Secretaría Técnica do Fondo Galego seguindo a normativa vixente de protección de datos e en ningún caso as persoas que compoñen o xurado terán acceso aos mesmos ata unha vez decididas as obras gañadoras. No entanto, as persoas participantes autorizan o emprego dos seus datos persoais por parte do Fondo Galego e do Concello da Coruña coa finalidade de desenvolver e divulgar a súa participación no concurso.

## 5. Proceso de selección

A deliberación do xurado para a selección das obras gañadoras terá lugar previsiblemente na primeira quincena de outubro e comunicarse ás persoas gañadoras á maior brevidade posible.

A realización dos murais desenvolverase previsiblemente entre o 24 e o 28 de outubro, en función das condicións climatolóxicas e segundo o plan de traballo que se acorde entre as partes. Procurarase que a entrega de premios teña lugar na derradeira xornada de pintado.

O xurado estará composto por 5 persoas: 3 artistas de recoñecido prestixio, 1 representante do Concello da Coruña e 1 representante do Fondo Galego.

## 6. Recursos e premios

**Premio á mellor obra que represente o ODS 8: 2.000€**

**Premio á mellor obra que represente o ODS 9: 2.000€**

**Premio á mellor obra que represente o ODS 10: 2.000€**

Estes premios estarán suxeitos á retención do IRPF que establece a lexislación vixente.

Os premios non son acumulables e poderán quedar desertos por decisión do xurado, cuxo fallo é inapelable.

A organización encargarse da preparación das paredes e outorgará ás persoas gañadoras os materiais necesarios para a realización das obras ata un importe máximo de 700 euros. A organización cubrirá ademais os gastos de desprazamento e estadía das/dos artistas foráneas/os.

## 7. Cuestións xerais

As obras deberán ser orixinais do/da artista e inéditas, de xeito que non fosen recreadas nunha parede con anterioridade nin premiadas noutros concursos. As persoas participantes garanten asemade que as obras non supoñen vulneración algunha dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial de terceiros e que dispoñen dos dereitos de imaxe das persoas que poidan aparecer nelas, de modo que eximen á organización de calquera responsabilidade que puidera derivarse como consecuencia da non obtención destes permisos.

Así mesmo, fanse responsables das reclamacións que puideran formularse en calquera momento sobre a autoría e orixinalidade dos traballos e sobre a titularidade de dereitos, todo elo de acordo coa normativa de propiedade intelectual. O Fondo Galego non se fai responsable dos prexuízos que puidera ocasionar o incumprimento desta garantía, e poderá exercer as accións legais oportunas coa fin de reparar os danos e prexuízos ocasionados.

Ademais, dado que nesta edición a intervención se levará a cabo nun centro educativo, as persoas gañadoras deberán presentar o pertinente Certificado de Delitos de Natureza Sexual que acredite a non comisión de actos deste tipo, tal e como prevé o artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor.

A obra gráfica premiada quedará exposta no emprazamento que figura no Anexo II o tempo que considere o Concello da Coruña, sen que elo derive noutra contraprestación económica que non sexa o premio. As persoas participantes ceden ao Concello da Coruña e ao Fondo Galego os dereitos para a utilización das obras presentadas nas súas canles de comunicación habituais, sempre sen fins lucrativos e recoñecendo a autoría das mesmas.

A organización resérvase asemade o dereito de excluír aquelas obras que poidan considerarse contrarias aos dereitos e liberdades fundamentais, inciten ou promovan actuacións denigrantes e violentas ou vulneren o dereito ao honor e á intimidade. No caso de utilizar a linguaxe nalgunha parte da obra deberá ser inclusiva.

Calquera continxencia non contemplada nestas bases pode ser resolta pola entidade organizadora.

A participación no certame supón a aceptación plena das súas bases, que serán publicadas na web do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, sen prexuízo da súa difusión a través das redes e medios de comunicación, ou na web e perfís sociais do Concello da Coruña.

Para calquera dúbida sobre o concurso pódese chamar ao 604 040 890 en horario de oficina ou escribir un correo electrónico a [comunicacion@fondogalego.gal](mailto:comunicacion@fondogalego.gal).

## ANEXO I – FICHA DE INSCRIPCIÓN

### MUROS QUE UNEN

V Certame de murais arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

DATOS DA PERSOA RESPONSABLE DA OBRA	
<b>Nome e apelidos</b>	
<b>Data de nacemento</b>	
<b>Lugar de nacemento</b>	
<b>Enderezo actual</b>	
<b>Teléfono</b>	
<b>E-mail</b>	
Anexar copia do DNI	
DATOS DA/S OBRA/S	
<b>Título da obra 1</b>	
<b>Autoría</b>	
<b>ODS que ilustra</b>	
<b>Meta á que se vincula</b>	
<b>Título da obra 2</b>	
<b>Autoría</b>	
<b>ODS que ilustra</b>	
<b>Meta á que se vincula</b>	
Anexar proxecto/s da/s proposta/s (bosquexo, explicación, tempos, materiais, etc.) e dossier de traballos anteriores.	

## ANEXO II - DESCRICIÓN DO MURO

**Localización:** Muro do patio de educación infantil e primaria do CEIP Sal Lence (Av. Oza, 224).

**Dimensións:** Superficie de 38m de longo por 3'80m de altura na parte máis elevada e 2'10m na máis baixa, que se subdividirá en tres treitos semellantes duns 12,60m de longo para a realización de cada un dos murais (a parte máis alta será algo máis curta e a máis baixa algo máis longa, para garantir unha área similar en m<sup>2</sup>).

O espazo da esquerda, correspondente ao mural no que se representará o ODS 8, conta cunha pedra natural que pode manterse descuberta como parte do deseño ou ben pintarse por enriba.



\*A imaxe é orientativa, pode descargarse en <https://bit.ly/3cHmBkx>.

## ANEXO III – LISTAXE DE METAS VINCULADAS A CADA ODS

Dispoñible en <http://un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible>.

### **ODS 8: Promover un crecemento económico sostido, inclusivo e sustentable, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as persoas.**

8.1 Manter o crecemento económico per capita de conformidade coas circunstancias nacionais e, en particular, un crecemento do produto interno bruto de polo menos o 7% anual nos países menos adiantados.

8.2 Lograr niveis máis elevados de produtividade económica mediante a diversificación, a modernización tecnolóxica e a innovación, entre outras cousas centrándose nos sectores con gran valor engadido e un uso intensivo da man de obra.

8.3 Promover políticas orientadas ao desenvolvemento que apoiem as actividades produtivas, a creación de postos de traballo decentes, o emprendemento, a creatividade e a innovación, e fomentar a formalización e o crecemento das microempresas e as pequenas e medianas empresas, mesmo mediante o acceso a servizos financeiros.

8.4 Mellorar progresivamente, de aquí a 2030, a produción e o consumo eficientes dos recursos mundiais e procurar desvincular o crecemento económico da degradación do medio ambiente, conforme ao Marco Decenal de Programas sobre modalidades de Consumo e Producción Sustentables, empezando polos países desenvolvidos.

8.5 De aquí a 2030, lograr o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as mulleres e homes, incluída a mocidade e as persoas con discapacidade, así como a igualdade de remuneración por traballo de igual valor.

8.6 De aquí a 2020, reducir considerablemente a proporción de xente nova que non está empregada e non cursa estudos nin recibe capacitación.

8.7 Adoptar medidas inmediatas e eficaces para erradicar o traballo forzoso, pór fin ás formas contemporáneas de escravitude e a trata de persoas e asegurar a prohibición e eliminación das peores formas de traballo infantil, incluídos o recrutamento e a utilización de nenas e nenos soldado, e, de aquí a 2025, pór fin ao traballo infantil en todas as súas formas.

8.8 Protexer os dereitos laborais e promover unha contorna de traballo segura e sen riscos para todas as persoas traballadoras, incluídos os traballadores migrantes, en particular as mulleres migrantes e as persoas con empregos precarios.

8.9 De aquí a 2030, elaborar e pór en práctica políticas encamiñadas a promover un turismo sustentable que cree postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais.



8.10 Fortalecer a capacidade das institucións financeiras nacionais para fomentar e ampliar o acceso aos servizos bancarios, financeiros e de seguros para todos.

8.a Aumentar o apoio á iniciativa de axuda para o comercio nos países en desenvolvemento, en particular os países menos adiantados, mesmo mediante o Marco Integrado Mellorado para a Asistencia Técnica aos Países Menos Adiantados en Materia de Comercio.

8.b De aquí a 2020, desenvolver e pór en marcha unha estratexia mundial para o emprego da mocidade e aplicar o Pacto Mundial para o Emprego da Organización Internacional do Traballo.

**ODS 9: Construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sustentable e fomentar a innovación.**

9.1 Desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resilientes e de calidade, incluídas infraestruturas rexionais e transfronteirizas, para apoiar o desenvolvemento económico e o benestar humano, facendo especial fincapé no acceso alcanzable e equitativo para todos.

9.2 Promover unha industrialización inclusiva e sustentable e, de aquí a 2030, aumentar significativamente a contribución da industria ao emprego e ao produto interno bruto, de acordo coas circunstancias nacionais, e duplicar esa contribución nos países menos adiantados.

9.3 Aumentar o acceso das pequenas industrias e outras empresas, particularmente nos países en desenvolvemento, aos servizos financeiros, incluídos créditos alcanzables, e a súa integración nas cadeas de valor e os mercados.

9.4 De aquí a 2030, modernizar a infraestrutura e reconverter as industrias para que sexan sustentables, utilizando os recursos con maior eficacia e promovendo a adopción de tecnoloxías e procesos industriais limpos e ambientalmente racionais, e logrando que todos os países tomen medidas de acordo coas súas capacidades respectivas.

9.5 Aumentar a investigación científica e mellorar a capacidade tecnolóxica dos sectores industriais de todos os países, en particular os países en desenvolvemento, entre outras cousas fomentando a innovación e aumentando considerablemente, de aquí a 2030, o número de persoas que traballan en investigación e desenvolvemento por millón de habitantes e os gastos dos sectores público e privado en investigación e desenvolvemento.

9.a Facilitar o desenvolvemento de infraestruturas sustentables e resilientes nos países en desenvolvemento mediante un maior apoio financeiro, tecnolóxico e técnico aos países africanos, os países menos adiantados, os países en desenvolvemento sen litoral e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento.

9.b Apoiar o desenvolvemento de tecnoloxías, a investigación e a innovación nacionais nos países en desenvolvemento, mesmo garantindo unha contorna normativa propicio á diversificación industrial e a adición de valor aos produtos básicos, entre outras cousas.

9.c Aumentar significativamente o acceso á tecnoloxía da información e as comunicacións e esforzarse por proporcionar acceso universal e alcanzable a Internet nos países menos adiantados de aquí a 2020.

**ODS 10: Reducir a desigualdade en e entre os países.**

10.1 De aquí a 2030, lograr progresivamente e manter o crecemento dos ingresos do 40% máis pobre da poboación a unha taxa superior á media nacional.

10.2 De aquí a 2030, potenciar e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, independentemente da súa idade, sexo, discapacidade, raza, etnia, orixe, relixión ou situación económica ou outra condición.

10.3 Garantir a igualdade de oportunidades e reducir a desigualdade de resultados, mesmo eliminando as leis, políticas e prácticas discriminatorias e promovendo lexislacións, políticas e medidas adecuadas a ese respecto.

10.4 Adoptar políticas, especialmente fiscais, salariais e de protección social, e lograr progresivamente unha maior igualdade.

10.5 Mellorar a regulamentación e vixilancia das institucións e os mercados financeiros mundiais e fortalecer a aplicación deses regulamentos.

10.6 Asegurar unha maior representación e intervención dos países en desenvolvemento nas decisións adoptadas polas institucións económicas e financeiras internacionais para aumentar a eficacia, fiabilidade, rendición de contas e lexitimidade desas institucións.

10.7 Facilitar a migración e a mobilidade ordenadas, seguras, regulares e responsables das persoas, mesmo mediante a aplicación de políticas migratorias planificadas e ben xestionadas.

10.a Aplicar o principio do trato especial e diferenciado para os países en desenvolvemento, en particular os países menos adiantados, de conformidade cos acordos da Organización Mundial do Comercio.

10.b Fomentar a asistencia oficial para o desenvolvemento e as correntes financeiras, incluído o investimento estranxeiro directo, para os Estados con maiores necesidades, en particular os países menos adiantados, os países africanos, os pequenos Estados insulares en desenvolvemento e os países en desenvolvemento sen litoral, en consonancia cos seus plans e programas nacionais.

10.c De aquí a 2030, reducir a menos do 3% os custos de transacción das remesas dos migrantes e eliminar os corredores de remesas cun custo superior ao 5%.